

Language: Galego

Book: Mark

Mark

Chapter 1

¹ Principio do evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus. ² Como está escrito no profeta Isaías: "Velaquí, eu envío o meu mensaxeiro diante da túa faciana, quen preparará o teu camiño. ³ Voz do que clama no deserto: preparade o camiño do Señor, facede dereitos os seus vieiros". ⁴ Xoán o Bautista apareceu no deserto pregoando o bautismo do arrepentimento para o perdón de pecados. ⁵ E acudía a el toda a rexión da Xudea, e toda a xente de Xerusalém, e confesando os seus pecados, eran bautizados por el no río Xordán. ⁶ Xoán estaba vestido de pelame de camelo, tiña un cinto de coiro á cintura, e comía lagostas e mel silvestre. ⁷ E proclamaba: -Tras de min vén un que é máis poderoso ca min, a quen non son digno de prostrarme para desatar a correa das súas sandalias. ⁸ Eu bauticeivos con auga, pero El bautizaravos co Espírito Santo. ⁹ E sucedeu naqueles días que Xesús veu de Nazaret da Galilea, e foi bautizado por Xoán no Xordán. ¹⁰ E deseguido, ao saír da auga, viu que os ceos se abrían, e que o Espírito baixaba coma unha pomba sobre El; ¹¹ e veu unha voz dos ceos, que dicía: -Ti es o meu Fillo amado, en Ti me comprazo. ¹² Decontado o Espírito impulsouno a ir ao deserto. ¹³ E estivo no deserto corenta días, sendo tentado por Satanás; e estaba entre as feras, e os anxos servíano. ¹⁴ Despois que Xoán fora encarcerado, Xesús veu á Galilea proclamando o evanxeo de Deus, ¹⁵ e dicindo: -Cumpriuse o tempo e o reino de Deus achegouse; arrepentídevos e crede no evanxeo. ¹⁶ Mentres camiñaba xunto ao mar da Galilea, viu a Simón e a Andrés, irmán de Simón, botando unha rede no mar, porque eran pescadores. ¹⁷ E Xesús díxolles: -Seguídeme, e Eu farei que sexades pescadores de persoas. ¹⁸ E deixando axiña as redes, foron tras del. ¹⁹ Indo un pouco máis adiante viu a Xacobe, o fillo de Zebedeo, e o seu irmán Xoán, que estaban tamén no bote, remendando as redes. ²⁰ E chamounos ao momento; e eles, deixando o seu pai Zebedeo no bote cos xornaleiros, foron tras El. ²¹ Entraron en Cafarnaúm; e decontado, no día de repouso entrando Xesús na sinagoga comezou a ensinar. ²² E estaban abraizados da súa doutrina; porque lles ensinaba como quen ten autoridade, e non como os escribas. ²³ E velaquí estaba na sinagoga deles un home cun espírito inmundo, que comezou a berrar ²⁴ dicindo: -Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaret? Viñeches a destruírnos? Eu sei quen es: -O Santo de Deus. ²⁵ Xesús reprendeuno, dicindo: -Cala, e sae del! ²⁶ Entón o espírito inmundo sacudiuno unha e outra vez, e berrando a gran voz, saíu del. ²⁷ E abraíáronse todos de tal xeito que discutían entre si, dicindo: -Que é isto? Unha doutrina nova con autoridade! El manda aínda os espíritos inmundos e obedécenlle. ²⁸ E decontado a súa fama estendeuse por todas partes, por toda a rexión arredor da Galilea. ²⁹ Inmediatamente despois de saír da sinagoga, foron a casa de Simón e Andrés, con Xacobe e Xoán. ³⁰ E a sogra de Simón xacía doente con febre; e decontado faláronlle dela. ³¹ Xesús achegóuselle, e tomándoa da man levantouna, e a febre deixoua; e ela servíalles. ³² Ao luscofusco, despois da posta do sol, trouxéronlle todos os que estaban doentes e os posuídos. ³³ E toda a cidade amoreábase á porta. ³⁴ E sandou a moitos que adoecían de diversas enfermidades, e expulsou moitos demos; e non deixaba falar os demos, porque eles sabían quen era El. ³⁵ Erguéndose moi cedo, estando aínda escuro, saíu, e foi a un lugar arredado, e alí oraba. ³⁶ E Simón e os seus compañeiros saíron a buscalo; ³⁷ atopárono e díxéronlle: -Andan todos á túa procura. ³⁸ E El díxolles: -Imos a outro lugar, ás vilas veciñas, para que predique tamén alí, porque para isto saín. ³⁹ E foi por toda a Galilea, predicando nas súas sinagogas e expulsando os demos. ⁴⁰ E veu a El un gafo rogándolle, e axeonllándose díxolle: se queres, podes limparme. ⁴¹ Movido pola compaixón, estendendo Xesús a man, tocouno, e díxolle: -Quero, sé limpo! ⁴² E ao instante a lepra deixouno e quedou limpo. ⁴³ Despediuno deseguida, despois de advertirlo dun xeito severo: ⁴⁴ -mira, non digas nada a ninguén, senón vai, amósate ao sacerdote e ofrece pola túa limpeza o que Moisés ordenou, para testemuño a eles. ⁴⁵ Pero el, saíndo, comezou a pregoalo abertamente e a divulgar o asunto, a tal punto que Xesús xa non podía entrar publicamente en ningunha cidade, senón que quedaba fóra en lugares despoboados; e viñan a El de todas as partes.

Chapter 2

¹ Entrando de novo en Cafarnaúm varios días despois, oíuse que estaba na casa. ² E reuníronse moitos, tanto que xa non había lugar nin aínda á porta; e El faláballes a palabra. ³ Entón trouxéronlle un paralítico levado entre catro. ⁴ E como non puideron achegarse a El por mor da multitude, levantaron o teito enriba de onde El estaba; e cando fixeron un furado, baixaron a padiola na que xacía o paralítico. ⁵ Vendo Xesús a fe deles, dixo ao paralítico: -Fillo, os teus pecados sonche perdoados. ⁶ Pero estaban alí sentados algúns dos escribas, que pensaban nos seus corazóns: ⁷ -Por que fala este así? Está blasfemando; quen pode perdoar pecados, senón só Deus? ⁸ E ao instante Xesús, coñecendo no seu espírito que pensaban dese xeito dentro de si mesmos, díxolles: por que pensades estas cousas nos vossos corazóns? ⁹ Que é máis doado, dicir ao paralítico: -Os teus pecados sonche perdoados, ou dicirlle: -Érguete, colle a túa padiola e anda? ¹⁰ Pois para que saibades que o Fillo do Home ten autoridade na terra para perdoar pecados: ¹¹ -Dígoche a ti: -Érguete, colle a túa padiola e vai a túa casa! ¹² E el ergueuse, e collendo ao instante a padiola, saíu a vista de todos, de maneira que todos estaban abraizados, e glorificaban a Deus, dicindo: -Endexamais vimos cousa semellante. ¹³ E El saíu de novo á beira do mar, e toda a multitude viña a El, e ensináballes. ¹⁴ E ao pasar, viu a Leví, fillo de Alfeo, sentado na oficina dos tributos, e díxolle: -Sígueme. E erguéndose, seguiu. ¹⁵ E aconteceu que estando Xesús sentado á mesa na casa de Leví, moitos recadadores de impostos e pecadores estaban a comer con Xesús e os seus discípulos; porque había moitos deles que lle seguían. ¹⁶ Ao ver os escribas dos fariseos que El comía con pecadores e recadadores de impostos, dicían aos seus discípulos: por que El come e bebe con recadadores de impostos e pecadores? ¹⁷ Ao oír isto, Xesús díxolles: -Os que están sans non teñen necesidade de médico, senón os que están doentes; non vin chamar a xustos, senón a pecadores. ¹⁸ Os discípulos de Xoán e os fariseos estaban a xaxuar; e viñeron e dixéronlle: -Por que xaxúan os discípulos de Xoán e os discípulos dos fariseos, pero os teus discípulos non xaxúan? ¹⁹ E Xesús díxolles: -Seica poden xaxuar os acompañantes do noivo mentres o noivo está con eles? Mentres teñen o noivo con eles, non poden xaxuar. ²⁰ Pero virán días cando o noivo lles será quitado, e entón xaxuarán naquel día. ²¹ Ninguén pon un remendo de tea nova nun vestido vello, porque entón o remendo ao encollerse tira del, o novo do vello, e fai unha rachadura peor. ²² E ninguén bota viño novo en pelellos vellos, porque entón o viño romperá o pelello, e pérdese o viño e tamén os pelellos; senón que o viño novo bótase en pelellos novos. ²³ E aconteceu que un día de repouso Xesús pasaba polo labradío, e os seus discípulos, mentres se abrían paso, comezaron a arrincar espigas. ²⁴ Entón os fariseos dicíanlle: -Mira, por que fan o que non é lícito no día de repouso? ²⁵ E El díxolles: nunca lestes o que David fixo cando tivo necesidade e sentiu fame, el e os seus compañeiros, ²⁶ como entrou na casa de Deus en tempos de Abiatar, o sumo sacerdote, e comeu os pans consagrados, que non é lícito a ninguén comer, senón aos sacerdotes, e deu tamén aos que estaban con el? ²⁷ E El dicíalles: -O día de repouso fíxose para a xente, e non a xente para o día de repouso. ²⁸ Daquela, o Fillo do Home é Señor aínda do día de repouso.

Chapter 3

¹ El entrou de novo na sinagoga, e alí estaba un home coa man seca. ² Algúns observárono atentamente a ver se El o curaba no sábado de maneira que eles puideran acusalo. ³ Xesús díxolle ao home da man seca: -Érguete e párate aquí no medio de todos. ⁴ Entón díxolle á xente: -É lexítimo no sábado facer o ben ou facer o mal, salvar unha vida ou matar? Eles estaban calados. ⁵ El mirándoos arredor anoxado, atribulado, pola dureza dos seus corazóns, díxolle ao home: -Estira a tua man. El estirouna e Xesús sandoulle a man. ⁶ Os fariseos saíron e decontado comezaron a conspirar cos herodianos, contra El para darlle morte. ⁷ Entón Xesús retirouse cos seus discípulos ao mar. E seguiuno unha gran multitude de xente de Galilea e Xudea, ⁸ dende Xerusalém, Idumea e máis aló do Xordán e arredor de Tiro e Sidón. Escoitando a grande multitude todo o que El estaba a facer achegouse onda El. ⁹ E díxolles aos seus discípulos que lle tiveran un bote preparado por mor da multitude, para que non o esmagaran; ¹⁰ porque sandara a moitos, de xeito que cantos tiñan pragas botábanselle enriba para tocalo. ¹¹ E sempre que o vían os espíritos inmundos, caían diante del, e berraban, dicindo: -Ti es o Fillo de Deus. ¹² Pero El reprendíao para que non o deran a coñecer. ¹³ E subiu ao monte, e chamou a quen El quería, e eles viñeron a El. ¹⁴ E nomeou a doce, para que estiveran con El e para mandalos a predicar, ¹⁵ e para teren a autoridade de botar os demos fóra. ¹⁶ El nomeou os doce: -Simón a quen lle deu o nome de Pedro; ¹⁷ Xacobe, fillo do Zebedeo, e Xoán irmán de Xacobe, a quen lles deu o nome de Boanerxes, isto é, fillos do trono; ¹⁸ Andrés, Filipe, Bartolomé, Mateo, Tomás, Xacobe, fillo de Alfeo, Tadeo, Simón o Zelote, ¹⁹ e Xudas Iscariote, quen tamén o entregou. ²⁰ E entrou nunha casa e a multitude xuntouse de novo, tanto que nin sequera podían comer pan. ²¹ Ao escoitalo os que estaban a carón del, saíron para facerse cargo del, pois dicían: -Está fóra de si. ²² E os escribas que baixaran de Xerusalém dicían: -El está posuído por Belcebú, e é polo príncipe dos demos que bota fóra aos demos. ²³ E chamándoos xunto a El, faláballes en parábolas: -Como pode Satanás botar fóra a Satanás? ²⁴ E se un reino esta dividido contra si mesmo, ese reino non pode permanecer. ²⁵ E se unha casa está dividida contra si mesma, esa casa non poderá perdurar. ²⁶ E se Satanás se ergue contra si mesmo e está dividido, non é quen de sosterse en pé, senón que chegou á súa fin. ²⁷ Pero ninguén pode entrar na casa do forte e saquear os seus bens, a non ser que ate ao forte primeiro, daquela poderá saquear a súa casa. ²⁸ Dígovos en verdade, que tódolos pecados e as blasfemas coas que blasfemen seranlles perdoados aos fillos dos homes, ²⁹ pero o que flasfeme contra o Espírito Santo xamais terá perdón, senón que é culpable dun pecado eterno. ³⁰ Porque eles estaban a dicir que El tiña un espírito inmundo. ³¹ Entón chegaron súa nai e os seus irmáns e deténdose fóra mandárono chamar. ³² E unha multitude sentada arredor del, díxolle: -Velaquí, túa nai e teus irmáns están fóra e procurante. ³³ Respondendo El dixo: -Quen é miña nai e meus irmáns? ³⁴ E observando aos que estaban sentados en círculo arredor del, dixo: -Velaí miña nai e meus irmáns. ³⁵ Pois calquera que faga a vontade de Deus, esa persoa é meu irmán, miña irmá e miña nai.

Chapter 4

¹ Comezou a ensinar de novo a carón do mar; e xuntouse arredor del unha multitude tan grande que tivo que subirse a un bote que estaba no mar, e sentou, e toda a multitude estaba en terra na ribeira. ² Ensináballes moitas cousas en parábolas; e dicíalles na súa ensinanza: ³ -Escoitade! o sementador saíu sementar, ⁴ e aconteceu mentres sementaba, que parte da semente caeu xunto o camiño, e viñeron os paxaros e comérona. ⁵ Outra caeu nas pedras onde non había terreo, e non tendo profundidade dabondo, brotou deseguida. ⁶ Pero cando saíu o sol, queimouse e ao non ter raíz, secou. ⁷ Outra parte caeu no medio de espiños. Os espiños creceron e afogaron a semente e non deu froito. ⁸ Pero outras caeron en terra boa, e daban froito que medraba e se acrecentaba; e producían: unha a trinta, outra a sesenta e outra a cento por un. ⁹ E El dicía: -O que teña oídos para oír, escoite. ¹⁰ Cando quedou só cos que o seguían e mailos doce, preguntábanlle sobre as parábolas. ¹¹ E El dicíalles: -A vós foivos dado o misterio do reino de Deus, pero aos de fóra preséntaselles todo en parábolas; ¹² para que vendo, vexan e non perciban, oíndo non comprendan, non sexa que se convertan, e lles sexa perdoado. ¹³ E díxolles: -Non entendedes esta parábola? ¿Como habedes comprender todas as parábolas? ¹⁴ O sementador sementa a súa palabra. ¹⁵ Estes son os que están xunto o camiño onde se sementa a palabra, que tan pronto a escoitan, decontado vén Satanás e leva a palabra que se sementou neles. ¹⁶ Do mesmo xeito, os sementados en terreo pedrizo, son os que cando escoitaron a palabra deseguida a recibiron con alegría; ¹⁷ pero non teñen raíz en si mesmos, son temporais. Daquela ao chegar unha tribulación ou persecución por mor da palabra, fáiselles tropezar decontado. ¹⁸ Outros son os sementados entre espiños; ¹⁹ estos son que oíron a palabra, pero as preocupacións do mundo, e o engano das riquezas e os desexos das demais cousas entran e afogan a palabra quedando sen froito. ²⁰ Pero os que foron sementados en bo terreo son os que escoitan a palabra e a reciben e dan froito, un a trinta, e un a sesenta, e un a cento. ²¹ E dicíalles: -Será que unha lámpada se trae para poñela debaixo dun cesto ou debaixo da cama? Non é para poñela no candil? ²² Pois nada está agochado, se non é para ser descuberto, nin segredo algún, que non saia á luz. ²³ Se algún ten oídos para oír, que escoite. ²⁴ Tamén lles dicía: -Coidádevos do que oídes; coa medida que medides, mediranvos, e engadiranvos. ²⁵ Porque ao que ten, daráselle máis, e ao que non ten, aínda o que ten lle ha de ser quitado. ²⁶ Dicía tamén: -O reino de Deus é coma un home que sementou a semente na terra, ²⁷ e déitase e érguese, e polo día e pola noite, a semente nace e medra; o como, el non o sabe. ²⁸ A terra produce froito por si mesma, primeiro a folla, logo a espiga, logo o gran maduro na espiga. ²⁹ E cando o froito o permite, deseguida mete a fouce porque chegou a colleita. ³⁰ Tamén dicía: -Con que se pode comparar o reino de Deus e con que parábola o explicaremos? ³¹ É coma un gran de mostaza, que cando se sementa na terra é o máis pequeno de todas as sementes da terra. ³² Porén, cando se sementa medra e chega a ser meirande ca tódalas hortalizas, e bota pólas tan grandes que as aves do ceo poden facer os seus niños baixo a súa sombra. ³³ Faláballes a palabra con moitas destas parábolas, segundo podían comprendela. ³⁴ El non lles falaba sen parábolas, pero en privado explicáballelo todo aos seus propios discípulos. ³⁵ Ese día, á tardiña, díxolles: -Pasemos ao outro lado. ³⁶ E despedida a multitude, levárono no bote no que estaba, e había outros botes con El. ³⁷ Pero levantouse unha gran treboada e as ondas rompían dentro do bote, anegándose. ³⁸ El estaba na popa, durmindo nun cabeceiro; daquela espertárono dicíndolle: -Mestre, non che importa que esteamos a piques de morrer? ³⁹ e El erguéndose, reprende o vento, e dixo ao mar: -Cálmate, soségate! E o vento parou e houbo unha grande calma. ⁴⁰ Entón díxolles: -Por que tedes medo? Aínda non credes? ⁴¹ E enchéronse de temor e dicían entre eles: -Quen é este, que mesmo o vento e mailo mar o obedecen?

Chapter 5

¹ E chegaron ao outro lado do mar, á terra dos gadarenos. ² E tal como Xesús desembarcou, veu canda El, de entre as tumbas, un home posuído dun espírito inmundo, ³ que vivía entre as sepulturas; e non había quen de atalo, nin con cadeas; ⁴ amarrárano moitas veces con esposas e cadeas, pero el romperá as cadeas e esnaquizara os grillóns. Ningúen era forte dabondo para dominalo. ⁵ E sempre, noite e día, andaba entre os túmulos e nos montes berrando e mancándose coas pedras. ⁶ Cando viu a Xesús de lonxe, correu e axeonllouse diante del; ⁷ e berrando a grande voz, dixo: -Que teño que ver eu contigo Xesús, Fillo do Deus Altísimo? Rógoche non me atormentes. ⁸ Porque Xesús díciulle: -Sae do home, espírito inmundo. ⁹ E preguntoulle: -Que nome tes? ¹⁰ E el díxolle: -O meu nome é Lexión, porque somos moitos. Entón rogáballe moito que non o mandara fóra daquela rexión. ¹¹ E había alí unha manda grande de porcos pacendo xunto o monte. ¹² E os demos rogáronlle dicindo: -Mándanos cos porcos e déixanos entrar neles. ¹³ E El permitiullelo, e saíndo os espíritos inmundos, entraron nos porcos; e a manda, precipitouse monte abaixo cara o mar, e alí afogaron como dous mil. ¹⁴ E os que coidaban dos porcos fuxiron e dérono a saber na cidade e nos campos. E moitas persoas foron ver o que sucedera. ¹⁵ E achegáronse a Xesús, e viron o home que fora posuído polos demos, quen tiña unha lexión, sentado, vestido e no seu xuízo san; e tiveron medo. ¹⁶ E os que o viran describíronlles o que acontecera co endemoñado, e o dos porcos. ¹⁷ E comezaron a rogarlle que saíra da súa contorna. ¹⁸ E ao subir ao bote, o que estivera endemoñado, rogáballe que o deixase ir canda El. ¹⁹ Pero Xesús non llo permitiu, senón que lle dixo: -Vai á túa casa e aos teus, e dilles as grandes cousas que o Señor fixo por ti, e a misericordia que tivo para contigo. ²⁰ E el foi, e comezou a proclamar en Decápolis as grandes cousas que Xesús fixera por el, e todos quedaban abraizados. ²¹ Cando Xesús pasou outra vez no bote ao outro lado, xuntouse unha grande multitude arredor del; e El ficou xunto ao mar. ²² E achegouse un dos principais da sinagoga, chamado Xairo, e ao ver a Xesús, caeu aos seus pés. ²³ E rogáballe deseguido dicindo: -A miña filla pequena está a morrer. Pídoche que veñas e poñas as mans sobre ela para que sande e viva. ²⁴ Xesús foi con el e seguía unha gran multitude que o esmagaba. ²⁵ E unha muller que tiña fluxo de sangue había doce anos, ²⁶ e levaba moito sufrido a mans de moitos médicos e gastara todo o que tiña, sen proveito algún, mesmo empeorando; ²⁷ cando escoitou falar de Xesús, achegóuselle por detrás entre a multitude, e tocou o seu manto. ²⁸ Porque dicía: -Se tan só toco as súas roupas, sandarei. ²⁹ E no momento a fonte de sangue secou, e sentiu no seu corpo que estaba curada da súa aflición. ³⁰ De contado Xesús, decatándose de que saíra poder del, virándose entre a xente, dixo: -Quen tocou a miña roupa? ³¹ Seus discípulos díxéronlle: -Ollas a multitude que te apreta arredor, e dis: -Quen me tocou? ³² Pero El miraba arredor para ver á que lle fixera isto. ³³ Entón a muller, temerosa e tremendo, decatándose do que acontecera, veu e botouse diante del, e díxolle toda a verdade. ³⁴ E Xesús díxolle: -Filla, a túa fe sandoute; vai en paz e queda sa da túa enfermidade. ³⁵ Mentres aínda falaba, viñeron da casa do principal da sinagoga, dicindo: -A túa filla morreu, para que estás a molestar o Mestre? ³⁶ Pero Xesús, escoitando o que se falaba, díxolle ao principal da sinagoga: -Non teñas medo, só sigue crendo. ³⁷ E non permitiu que ninguén o acompañase agás Pedro, Xacobe e Xoán, o irmán de Xacobe. ³⁸ Foron á casa do principal da sinagoga e Xesús viu o balbordo que había, e aos que choraban e lamentaban. ³⁹ E entrando na casa díxolles: -Por que vos alborotades e estades a chorar? A nena non morreu, senón que dorme. ⁴⁰ Eles ríronse del. Pero El, botando a todos fóra, colleu con El ao pai e á nai da nena e aos que estaban con El, e entraron onde estaba a nena. ⁴¹ E collendo a man da nena, díxolle: -Talita cumi, que quere dicir, nena, a ti dígoche, érquete! ⁴² Decontado a nena ergueuse e camiñou (pois tiña doce anos de idade). E marabilláronse asombrados. ⁴³ Entón deulles ordes rigorosas de que ninguén soubera disto; e dixo que lle deran o xantar á nena.

Chapter 6

¹ E marchou de alí e chegou á súa terra; e seus discípulos seguírono. ² Cando chegou o sábado comezou a ensinar na sinagoga e moitos que o escoitaban marabillábanse, dicindo: de onde saca estas cousas, e que é esta sabedoría que lle foi dada, e que son eses milagres que fai coas mans? ³ Non é este o carpinteiro, o fillo de María, e irmán de Xacobe, Xosé, Xudas e Simón? Non están as súas irmás aquí connosco. E escandalizábanse por mor del. ⁴ E Xesús díxolles: -Non hai profeta sen honra agás na súa propia terra, e entre os seus, e na súa casa. ⁵ E non puido facer alí ningunha obra poderosa, só sandou uns poucos doentes impoñéndolles as súas mans. ⁶ E estaba marabillado da incredulidade deles. E percorría as aldeas arredor ensinando. ⁷ Entón chamou aos doce e comenzou a envialos de dous en dous; dándolles autoridade sobre os espíritos inmundos; ⁸ e ordenoulles que non levaran nada para o camiño, só un bordón; nin pan, nin alforxa, nin cartos no cinto; ⁹ senón calzados con sandalias. Non levedes dúas túnicas ¹⁰ -díxolles- e onde sexa que entredes nunha casa, quedade alí mentres non saíades da poboación. ¹¹ E aló onde entredes que non vos reciban, nin vos escoiten, ao saír de alí, sacudide o pó da pranta dos vosos pés en testemuño contra deles. ¹² E saíndo, predicaban que se arrepentiran, ¹³ e botaban fóra moitos demos e unxían con aceite a moitos enfermos e sandábanos. ¹⁴ O rei Herodes escoitou isto, pois o nome de Xesús fíxose moi coñecido, e a xente dicía: Xoán o Bautista, resucitou de entre os mortos, é por iso que estes poderes milagreiros actúan nel. Outros dicían: é Elías. ¹⁵ E outros dicían: é un profeta, coma un dos profetas antigos. ¹⁶ Escoitando isto Herodes, dicía: Xoán, a quen eu descabecei, resucitou. ¹⁷ Pois o mesmo Herodes mandara prender a Xoán e o encadeara no cárcere por mor de Herodías, muller do seu irmán Filipe, pois Herodes casara con ela. ¹⁸ Porque Xoán dicíalle a Herodes: non che está permitido ter a muller do teu irmán. ¹⁹ E Herodías tiñalle rancor e quería matalo, pero non podía, ²⁰ porque Herodes tiña medo de Xoán, sabendo que era un home xusto e santo e mantiño protexido. E cando o escoitaba quedaba moi perplexo, pero, con todo, gustáballe escoitalo. ²¹ E chegando o día oportuno, cando Herodes cumpría anos, ofreceu un convite para os oficiais e seus comandantes e principais de Galilea; ²² e entrou a mesma filla de Herodías e bailando complaceu a Herodes e aos convidados á mesa; e díxolle o rei á rapaza: -Pídeme o que queiras, e dareicho! ²³ E xuroulle: -Dareiche o que me pidas, mesmo a metade do meu reino! Ela saíu e díxolle á nai: -Que podo pedirlle? ²⁴ E ela respondeulle: -A cabeza de Xoán o Bautista. ²⁵ Decontado ela presentouse axiña diante do rei e pediulle, dicindo: -Dáme agora mesmo a cabeza de Xoán o Bautista nun prato. ²⁶ E o rei entristeceu, pero por mor dos xuramentos e dos que sentaban á mesa con el, non quixo desoíla. ²⁷ Decontado o rei enviou un verdugo e ordenoulle que trouxera a cabeza de Xoán. E el foi e descabezouno no cárcere, ²⁸ e trouxo a cabeza de Xoán nun prato e deulla á moza, e a moza deulla a súa nai. ²⁹ Cando os seus discípulos escoitaron isto, foron e levaron o corpo e déronlle sepultura. ³⁰ Os apóstolos reuníronse con Xesús, e contáronlle todo o que fixeran e ensinaran. ³¹ El díxolles: -Vinde, afastádevos dos demais a un lugar solitario e descansade un pouco. (Pois había moitos que ían e viñan e eles non tiñan tempo nin de comer). ³² E foron no bote a un lugar afastado e solitario. ³³ Pero a xente ao velos marchar, recoñeceunos. E, a pé, concorreron aló dende todas as vilas, chegando antes ca eles. ³⁴ Ao desembarcaren, El viu unha grande multitude, e tivo compaixón deles, porque eran coma ovellas sen pastor; e comezou a ensinalles moitas cousas. ³⁵ E sendo xa moi tarde, os seus discípulos viñeron onda El e dixéronlle: -O lugar é deserto e é moi tarde; ³⁶ despídeos para que vaian aos campos e aldeas arredor e merquen algo de comer. ³⁷ Pero respondendo El, díxolles: -Dádelles vós de comer. E eles dixéronlle: -Queres que vaíamos e merquemos douscentos denarios de pan e lles deamos de comer? ³⁸ El díxolles: -Cantos pans tedes? Ide mirar. Cando o souberon, dixeron: -Cinco, e dous peixes. ³⁹ E mandoulles que todos sentaran por grupos na herba verde. ⁴⁰ E sentaron por grupos de a cen e cincuenta. ⁴¹ Mentres, El colleu os cinco pans e os dous peixes, e mirando cara o ceo bendiciunos, e partiu os pans e déulles aos discípulos para que os puxeran diante deles. Tamén repartiu os dous peixes entre todos. ⁴² Todos comeron e fartaron. ⁴³ E recolleron doce canastros cheos dos anacos, e tamén dos peixes. ⁴⁴ Os que comeron os pans eran cinco mil homes. ⁴⁵ Decontado fixo que os seus discípulos subiran ao bote e fosen diante del ao outro lado, a Betsaida, mentres El despedía a multitude. ⁴⁶ Logo de despedirse deles, foi ao monte a orar. ⁴⁷ Ao luscofusco, o bote estaba no medio do mar, e El estaba só en terra. ⁴⁸ E ao velos vogar amolados, porque o vento lles era contrario, como á cuarta vixilia da noite, foi cara eles camiñando por riba do mar e fixo coma quen de pasarlles diante. ⁴⁹ Pero cando eles o viron camiñar polo mar, pensaron que era unha pantasma e berraron; ⁵⁰ porque todos o viron e estaban espantados. Pero decontado El falou con eles e díxolles: -Tede ánimo; son Eu, non temades! ⁵¹ E subiu ao bote con eles, e o vento acalmouse, e eles estaban moi

asombrados, ⁵² pois non entenderan o dos pans, senón que o seu corazón estaba endurecido. ⁵³ Rematada a travesía, chegaron a terra en Xenesaret e atracaron. ⁵⁴ Ao saíren do bote, decontado a xente recoñeceu a Xesús, ⁵⁵ e percorreron axiña toda aquela comarca, e comezaron a traer os enfermos nas padiolas onde oían que El estaba. ⁵⁶ Onde queira que El entraba nas aldeas, vilas ou campos, poñían os enfermos nas prazas, e rogábanlle que lles permitira soamente tocar o bordo do seu manto, e todos os que o tocaban quedaban sans.

Chapter 7

¹ Os fariseos, e algúns dos escribas que viñeran de Xerusalém reuníronse arredor del; ³ e viron que algún dos seus discípulos, comían o pan con mans inmundas, é dicir, sen lavar. ² (Porque os fariseos e todos os xudeus non comen non sendo que laven as mans coidadosamente, gardando así a tradición dos anciáns; ⁴ e cando tornan da praza, non comen a non ser que se laven; e hai moitas outras cousas que recibiron para gardalas, como o lavamento das copas, dos xarros e dos pratos de cobre). ⁵ Entón os fariseos e os escribas preguntáronlle: -Por que os teus discípulos non andan conforme a tradición dos anciáns, senón que comen con mans inmundas? ⁶ E El díxolles: -Ben profetizou Isaías de vós, hipócritas, como está escrito este pobo, está a honrarme da boca para fóra, pero o seu corazón está lonxe de min. ⁷ E en balde me adoran, ensinando como doutrinas, mandatos humanos. ⁸ Deixando o mandamento de Deus, vos aferrades ás tradicións humanas. ⁹ Tamén lles dicía: -Ben que facedes a un lado o mandamento de Deus, para gardardes a vosa tradición. ¹⁰ Porque Moisés dixo: "Honra a teu pai e a tua nai"; e: "O que maldiga ao seu pai ou á súa nai, morra"; ¹¹ Pero vós dicides: -Se unha persoa lle di ao pai ou á nai: -Calquera cousa coa que te puideras beneficiar de min é Corbán (é dicir, unha ofrenda); ¹² xa non o deixades facer nada en favor do seu pai ou da súa nai; ¹³ anulando a palabra de Deus coa vosa tradición que transmitides, e facedes moitas cousas semellantes a estas. ¹⁴ E chamando outra vez á multitude dicíalles: -Escoitádeme todos e entendede: ¹⁵ non hai nada fóra das persoas que ao entrar nelas poida contaminalas, senón que é o que sae de adentro das persoas o que as contamina. ¹⁶ Se algún ten oídos para oír, que escoite. ¹⁷ E deixando a multitude entrou na casa, e os seus discípulos preguntáronlle sobre a parábola. ¹⁸ El díxolles: -Tamén vós sodes faltos de entendemento? Non comprendedes que todo o que entra de fóra nun ser humano non o pode contaminar? ¹⁹ Porque non lle entra no seu corazón, senón no seu ventre e elimínase? (dixo isto declarando puros todos os alimentos). ²⁰ E dicía: -O que sae do home iso é o que contamina ao home. ²¹ Pois de dentro do corazón das persoas saen os malos pensamentos, fornicacións, roubos, asasinatos, ²² adulterios, cobizas, maldades, enganar, desenfrenos, envexa, malas palabras, fachenda, insensatez. ²³ Todas estas maldades saen de dentro e contaminan ás persoas. ²⁴ Levantouse e foi á rexión de Tiro e entrando nunha casa, non quería que ninguén o soubera, pero non puido agocharse. ²⁵ de seguido unha muller que tiña unha filla cun espírito inmundo, ouviu o que dicían del, e foi e prostrouse aos seus pés. ²⁶ A muller era grega, sirofenicia de nacemento, e rogáballe que botara o demo fóra da súa filla. ²⁷ Pero El díxolle: -Deixa que se farten primeiro os fillos, pois non esta ben coller o pan dos fillos e botarllo aos canciños. ²⁸ Ela respondeulle: -Señor pero aínda os canciños comen debaixo da mesa das faragullas que deixan os fillos. ²⁹ E El díxolle: -Pola túa resposta, marcha. O demo saíu da túa filla. ³⁰ Cando ela volveu á súa casa, atopou que a meniña estaba deitada na cama e o demo xa saíra. ³¹ Volvendo a saír da rexión de Tiro, pasou por Sidón e chegou ao mar de Galilea atravesando a rexión de Decápolis. ³² E trouxéronlle a un que era xordo e tateo rogándolle que puxera a man sobre el. ³³ Entón Xesús apartouno da multitude e meteulle os dedos nas orellas, e tocándolle a lingua co seu cuspe, ³⁴ e ollando cara o ceo suspirou e dixo: -Effatá!, isto e, ábrete! ³⁵ E de súpeto abríronselle os oídos e soltouse a atadura da lingua, e falaba con claridade. ³⁶ E ordenoulles que non llo dixeran a ninguén, pero canto máis llelo dicía, eles máis o pregoaban. ³⁷ E asombrábanse moito dicindo: -Fíxoo todo ben! Fai ouvir aos xordos; e aos mudos falar!

Chapter 8

¹ Naqueles días, houbo de novo unha grande multitude que non tiña que comer, Xesús chamou a seus discípulos e díxolles: ² -Teño compaixión desta xente, porque levan xa tres días comigo e non teñen que comer; ³ e se os despidos sen comer ás súas casas desmaiaranse no camiño, pois algúns viñeron de lonxe. ⁴ Os discípulos respondéronlle: -Onde poderá alguén atopar o suficiente, para fartar de pan a estes aquí no deserto? ⁵ El preguntoulles: -Cantos pans tedes? Eles responderon: -Sete. ⁶ Entón mandou á multitude recostarse no chan e collendo os sete pans, despois de dar grazas, partiunos e ía dándollos aos discípulos para que os repartiran, e eles llos deron á multitude. ⁷ Tamén tiñan uns poucos peixiños e despois de bendilos, mandou que tamén os repartiran. ⁸ Todos comeron e fartaron e recolleron do que sobrou dos anacos, sete canastos. ⁹ Os que comeron eran como uns catro mil, e despediunos. ¹⁰ E subindo deseguido no bote, cos seus discípulos, foi á rexión de Dalmanuta. ¹¹ Entón saíron os fariseos e comezaron a discutir con El, pedíndolle un sinal do ceo para poñelo a proba. ¹² E suspirando profundamente no seu espírito, díxolles: -Por que pide sinal esta xeración? Asegúrovos que non se lle dará ningún sinal a esta xeración. ¹³ E deixándoos, embarcouse de novo e foi á outra ribeira. ¹⁴ E esqueceran traer pan con eles; e non tiñan máis ca un pan no bote. ¹⁵ E El mandoulles dicindo: -Mirade! Gardádevos do fermento dos fariseos e do fermento de Herodes. ¹⁶ E discutían entre si que non tiñan pans. ¹⁷ Decatándose Xesús, díxolles: -Por que discutides que non tedes pan? Aínda non comprendedes nin entendedes? Tedes o corazón endurecido? ¹⁸ Tendo ollos, non vedes? Tendo oídos, non ouvides? Non lembrades ¹⁹ cando partín os cinco pans entre os cinco mil? Cantos canastos cheos de anacos recollestes? Eles dixeron: -Doce. ²¹ "E cando partín os sete pans entre os catro mil, cantos canastos cheos de anacos recollestes? Eles dixeron: -Sete. ²⁰ E díxolles: -Aínda non entendedes? ²² Chegaron a Betsaida, e trouxéronlle a un cego e pedíronlle que o tocara. ²³ Collendo da man ao cego, sacouno fóra da aldea; e logo de cuspirlle nos ollos e de poñerlle as mans, preguntoulle: -Ves algo? ²⁴ E levantando a vista, dixo: -Vexo as persoas, pero estounos a ver coma árbores que camiñan. ²⁵ Daquela Xesús, puxo outra vez as mans sobre os seus ollos, e el mirou fixamente e foi restaurado; e de lonxe vía todo con claridade. ²⁶ E mandouno á súa casa dicíndolle: -Non entres na aldea. ²⁷ Saíu Xesús cos seus discípulos ás aldeas de Cesarea de Filipo; e no camiño preguntoulle aos seus discípulos, dicindo: -Quen di a xente que son Eu? ²⁸ E respondéronlle: -Uns Xoán o Bautista; e outros, Elías; pero outros, un dos profetas. ²⁹ El preguntoulles de novo: -Pero vós, quen dicides que son Eu? Respondendo Pedro, díxolle: -Ti es o Mesías! ³⁰ E El ordenoulles que non falaran del a ninguén. ³¹ E comezou a ensinalles que o Fillo do Home debía sufrir moitas cousas, e ser rexeitado polos anciáns, os principais sacerdotes e os escribas, e ser morto, e despois de tres días resucitar. ³² E dicíalles estas palabras claramente. E Pedro, levándoo aparte, tentou corrixilo. ³³ Pero El volvéndose e mirando os seus discípulos, reprende a Pedro e díxolle: -Arreda de min Satanás! Porque non estás a pensar nas cousas de Deus, senón nas da xente. ³⁴ E chamando á multitude e aos seus discípulos díxolles: -Se alguén quere seguir tras de min, néguese a si mesmo, colla a súa cruz e sígame, ³⁵ porque o que queira salvar a súa vida, perderáa, pero calquera que perda a súa vida por mor de min e do evanxeo, ha salvala. ³⁶ Porque, de que lle serve á xente gañar o mundo enteiro se perde a súa alma? ³⁷ Pois, que dará unha persoa pola súa alma? ³⁸ Porque o que se avergoñe de min e das miñas palabras nesta xeración adúltera e pecadora, o Fillo do Home hase avergoñar del tamén cando veña na gloria do seu Pai cos santos anxos.

Chapter 9

¹ E dicíalles:-Dígovos en verdade que hai algúns dos que están aquí, que non probarán a morte ata verem o reino de Deus logo que veña con poder. ² Seis días despois, Xesús colleu a Pedro, a Xacobe e a Xoán e levounos aparte, sós, a un monte alto, e transfigurouse diante deles. ³ E as súas roupas volvéronse resplandecentes, moi brancas, tanto que non había lavadoiro na terra que puidera embranquecelas. ⁴ E aparecéuselles Elías xunto con Moisés, e estaban a falar con Xesús. ⁵ Daquela Pedro, intervindo, dixo a Xesús: -Rabí, é bo estarmos aquí; fagamos tres cabanas, unha para Ti, outra para Moisés e outra para Elías. ⁶ Porque el non sabía que dicir, pois estaban aterrorizados. ⁷ Entón formouse unha nube cubríndoos, e saíu unha voz da nube:-Este é meu Fillo amado, a El escoitade. ⁸ De súpeto miraron arredor pero xa non viron a ninguén canda eles, senón só a Xesús. ⁹ Cando baixaban do monte ordenoulles que non contaran a ninguén o que viran ata que o Fillo do Home resucitara de entre os mortos. ¹⁰ E gardaron o asunto para si mesmos, discutindo entre eles que significaría o de resucitar de entre os mortos. ¹¹ E preguntáronlle dicindo:-Por que din os escribas que Elías ten que vir primeiro? ¹² El díxolles:-En verdade Elías vén primeiro a restaurar todas as cousas. Pero, non di a escritura que o Fillo do Home debe padecer moito e ser desprezado? ¹³ Pero Eu dígovos que Elías xa veu, e fixeron canto quixeron con el, segundo estaba escrito del. ¹⁴ Cando volveron onde os discípulos viron unha grande multitude que os rodeaba, e a uns escribas que discutían con eles. ¹⁵ Decontado, cando a multitude viu a Xesús, quedou sorprendida, e correndo cara El, saudábano. ¹⁶ E El preguntoulles:-Que estades a discutir con eles? ¹⁷ E un da multitude respondeulle:-Mestre, tróuxenche o meu fillo que ten un espírito mudo, ¹⁸ e sempre se apodera del, e derrúbao, e bota escumallos, e rincha os dentes, e vaise consumindo. E díxenlle aos teus discípulos que o expulsaran, pero non foron quen. ¹⁹ Respondéndolles Xesús dixo:-Ó xeración incrédula! Canto máis vos hei soportar? Traédemo! ²⁰ E trouxéronllo. E cando o espírito viu a Xesús decontado convulsionou no rapaz, que caendo ao chan arrolábase botando escumallos. ²¹ Xesús preguntoulle ao pai:-Canto tempo hai que lle pasa isto? E el respondeulle:-Dende neno. ²² E moitas veces botouno no lume e tamén na auga para destruílo. Pero se Ti podes facer algo, ten misericordia de nós e axúdanos. ²³ Xesús díxolle:-Se podes? Todo é posible para o que cree! ²⁴ De inmediato o pai do rapaz berrando, dixo:-Creo, axúdame na miña incredulidade! ²⁵ Cando Xesús viu que se xuntaba unha grande multitude, reprende o espírito inmundo, dicíndolle:-Espírito mudo e xordo, Eu ordénacho:-Sae del e non volvas entrar nel. ²⁶ E despois de berrar e de sacudilo con terribles convulsións, saíu; e o rapaz quedou como morto, tanto que a maioría deles dicían:-Está morto! ²⁷ Pero Xesús, colléndoo da man, ergueuno, e el parouse. ²⁸ Cando Xesús entrou na casa, os seus discípulos preguntábanlle, en privado:-Por que nós non puidemos botalo fóra? ²⁹ E El díxolles:-Este xénero non pode saír, senón en oración. ³⁰ Saíndo de alí, ían pasando por Galilea, e El non quería que ninguén o soubera. ³¹ Porque ensinaba a seus discípulos, e dicíalles:-O Fillo do Home será entregado en mans da xente e mataran; e despois de morto, aos tres días resucitará. ³² Pero eles non entendían o que dicía e tiñan medo de lle preguntar. ³³ E chegaron a Cafarnaúm; e estando xa na casa, preguntáballes:-Que estabades a discutir polo camiño? ³⁴ Pero eles calaban, porque no camiño discutiran entre eles sobre cal deles era o maior; ³⁵ Sentándose chamou aos doce e díxolles:-Se algún desexa ser o primeiro, ha ser o último de todos e o servidor de todos. ³⁶ E collendo a un neno, púxoo no medio deles; e abrazándoo, dixo: ³⁷ -O que reciba a un neno como este no meu nome, recíbeme a min; e o que me recibe a min, non me recibe a min, senón a Aquele que me enviou. ³⁸ Xoán díxolle:-Mestre, vimos a un botando fóra demos no teu nome, e tratamos de impedírllo, porque non nos seguía. ³⁹ Pero Xesús dixo:-Non llo impedir, porque non hai ninguén que faga un milagre no meu nome, e que axiña poida falar mal de min. ⁴⁰ Pois o que non está na nosa contra, por nós está. ⁴¹ Porque calquera que vos dea a beber un vaso de auga, porque sodes do Mesías, dígovos en verdade que non perderá a súa recompensa. ⁴² E calquera que faga tropezar a un destes pequeniños que cren, mellor lle fora ter unha pedra de muiño grande atada ao pescozo e que o botaran ao mar. ⁴³ Se a túa man che fai tropezar algunha vez, córtaa; éche mellor entrar na vida manco que tendo as dúas mans ir ao inferno, ao lume que nunca se apaga. ⁴⁴ Onde o seu verme non morre e o lume non se apaga. ⁴⁵ E se o teu pé che causa tropezo, córtao; éche mellor entrar coxo na vida, que tendo os dous pés, ser botado ao inferno. ⁴⁶ Onde o seu verme non morre e o lume non se apaga. ⁴⁷ E se o teu ollo causache tropezo, sácao, éche mellor entrar no reino de Deus cun só ollo, que tendo dous ollos, ser botado ao inferno, ⁴⁸ onde o seu verme non morre e o lume non se apaga. ⁴⁹ Pois todos serán salvados con lume. ⁵⁰ O sal é bo, pero se o sal perde seu sabor, con que o sazonaredes? Tede sal en vós e estade en paz uns cos outros.

Chapter 10

¹ Saíndo de alí, Xesús marchou cara Xudea máis aló do río Xordán, e xuntábanse moreas de persoas arredor del, e unha vez máis ensinábanlles como de costume. ² E achegáronse a probalo os fariseos preguntándolle se lle era lícito a un home divorciarse da súa muller. ³ E respondendo El, díxolles:-Que vos mandou Moisés? ⁴ Eles dixeron:-Moisés permitiu que escribira carta de divorcio e repudiala despois. ⁶ Pero Xesús díxolles:-Pola dureza do voso corazón foi que vos escribiu este mandamento. ⁵ Pero dende o principio da creación fixoos home e muller. ⁷ Por conta disto o home deixará a seu pai e a súa nai, ⁸ e serán os dous unha soa carne, de xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. ⁹ Daquela, que ningunha persoa separe o que Deus colocou baixo un mesmo xugo. ¹⁰ De volta na casa, os discípulos preguntaron outra vez sobre isto. ¹¹ E díxolles:-Calquera que repudie a súa muller, e case con outra, comete adulterio con ela; ¹² e se ela repudia o seu home, e casa con outro, está a cometer adulterio. ¹³ E traíanlle os meniños para que os tocara, e os discípulos berráronlles. ¹⁴ Pero cando viu Xesús isto, indignouse e díxolles:-Deixade que os meniños veñan a min, e non llelo impidades, porque o reino de Deus é dos que son coma estes. ¹⁵ Asegúrovos que o que non reciba o reino de Deus como un meniño, non ha entrar nel. ¹⁶ E abrazándoos, bendicíao, poñendo as mans sobre eles. ¹⁷ E no momento que se puxo en camiño, achegouse un a correr e axeonllándose diante del, preguntoulle:-Mestre bo, que farei para herdar a vida eterna? ¹⁸ E díxolle Xesús:-Por que me chamas bo? Ninguén é bo agás só un, Deus. ¹⁹ Ti sábelos mandamentos: "Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non des falso testemuño, non enganes, honra a teu pai e a túa nai". ²⁰ E el díxolle:-Mestre, veño gardando iso dende novo. ²¹ Xesús, mirándoo, amouno e díxolle:-Fáltache unha cousa: vai e vende todo o que tes e dállo aos pobres, e terás tesouro no ceo; e vén, sígueme. ²² Mais el, apesarado por estas palabras, marchou triste, porque tiña moitos bens. ²³ Xesús, mirando arredor seu, dixo aos seus discípulos:-Que dificilmente lles será aos que teñen riquezas entrar no reino de Deus! ²⁴ E os discípulos quedaron perplexos coas súas palabras. ²⁵ Pero Xesús, respondendo outra vez, díxolles:-Fillos, que difícil é entrar no reino de Deus! É mais doado que un camelo pase polo ollo da agulla, que un rico entre no reino de Deus. ²⁶ Pero eles asombráronse aínda máis, dicindo entre si:-E quen poderá salvarse? ²⁷ Ollando para eles, Xesús dixo:-É imposible para as persoas, pero non para Deus, porque para Deus todas as cousas son posibles. ²⁸ Daquela Pedro comezou a dicirlle:-Velaquí, nós largámolo todo e seguímoste. ²⁹ Xesús dixo: -Dígovos en verdade, non hai ninguén que deixando casa, ou irmáns, ou irmás, ou nai, ou pai, ou fillos ou terras pola miña causa e por mor do evanxeo, ³⁰ que non reciba cen veces máis agora neste tempo: casas, e irmáns, e irmás, e nais, e fillos, e terras xunto con persecucións; e no vindeiro século, a vida eterna. ³¹ Pero moitos primeiros serán últimos, e os últimos, primeiros. ³² Ían subindo camiño a Xerusalém, e Xesús diante deles; e eles estaban abraiaados, e seguían con respecto e xuntando canda El aos doce outra vez, comezou a dicirlles o que ía acontecer: ³³ -Velaquí subimos a Xerusalém e o Fillo do Home ha ser entregado aos principais sacerdotes e aos escribas, e condenarano a morte e entregarano aos xentís. ³⁴ E mofaranse del e cuspiranlle, azoutaran e mataran, pero logo de tres días resucitará. ³⁵ E achegáronse a El Xacobe e Xoán, os fillos de Zebedeo dicíndolle:-Mestre, queremos que fagas por nós o que che pidamos. ³⁶ E El díxolles:-Que queredes que vos faga? ³⁷ Eles dixéronlle:-Dános que na túa gloria sentemos un á túa dereita e o outro a túa esquerda. ³⁸ Pero Xesús díxolles:-Non sabedes o que estades a pedir. Podedes beber a copa que Eu bebo, ou ser bautizados co bautismo que Eu son bautizado? ³⁹ E eles dixéronlle:-Podemos. E Xesús díxolles:-A copa que Eu bebo, beberedes; e seredes bautizados co bautismo co que son bautizado. ⁴⁰ Pero que vos sentedes á miña dereita ou á miña esquerda, non é de meu concedelo, senón que é para quen foi preparado. ⁴¹ Ao escoitaren isto, os dez comezaron a indignarse contra Xacobe e Xoán. ⁴² E chamándoos onda El, díxolles Xesús:-Sabedes que os que son recoñecidos como gobernantes das nacións en señóranse delas, e que os seus poderosos asobállanas exercendo a autoridade sobre elas. ⁴³ Pero non é así entre vosoutros, senón que quen desexe chegar a ser grande entre vós, será o voso servidor, ⁴⁴ e o que queira ser primeiro entre vosoutros, será escravo de todos, ⁴⁵ porque nin o Fillo do Home veu para ser servido, senón para servir, e dar a súa vida en rescate por moitos. ⁴⁶ Daquela chegaron a Iericó. E cando saía de Iericó cos seus discípulos e unha grande multitude, un mendigo cego de nome Bartimeo, fillo de Timeo, ficaba sentado á beira do camiño. ⁴⁷ E cando escoitou que era Xesús o Nazareno, comezou a berrar e a dicir:-Xesús, fillo de David, ten misericordia de min! ⁴⁸ E moitos reprendíanlo para que calara, pero el berraba aínda máis:-Fillo de David, ten misericordia de min! ⁴⁹ Detívose Xesús e dixo:-Chamádeo. E chamaron ao cego, dicíndolle:-Anímate! Érguete, está a chamar por ti. ⁵⁰ Daquela el, desbotando o seu manto, púxose en pé dun brinco e foi cara Xesús. ⁵¹ Dirixíndose Xesús a el, díxolle:-Que queres que faga

por ti? E díxolle o cego:-Mestre, que vexa de novo. ⁵² E Xesús díxolle:-Vaite, sandaches pola túa fe. E de súpeto recobrou a vista, e seguía polo camiño.

Chapter 11

¹ E cando se achegaban a Xerusalém, por Betfagué e Betania, ao pé do monte das Oliveiras, enviou a dous dos seus discípulos, ² e díxolles: -Ide á aldea enfronte, e tan pronto como entredes nela, atoparedes un burriño atado que ninguén montou aínda; desatádeo e traédeo. ³ E se alguén vos pregunta: por que facedes iso? Dicide: o Señor necesítalo; pero mandarao deseguida de volta. ⁴ Eles foron e atoparon un burriño atado xunto á porta, na rúa, e desatárono. ⁵ E algúns dos que estaban alí dixéronlles: -Que facedes desatando o burriño? ⁶ Eles respondéronlles tal como Xesús lles mandou e déronlles permiso. ⁷ Entón trouxeron o burriño a Xesús e botaron enriba os seus mantos, e Xesús sentou nel. ⁸ E moitos tenderon os seus mantos no camiño e outros pólas que cortaran dos campos. ⁹ Os que ían diante e os que o seguían, berraban: -Hosanna! Bendito o que vén no nome do Señor; ¹⁰ Bendito o reino do noso pai David que chegou; Hosanna nas alturas! ¹¹ Entrou en Xerusalém, e chegou ao templo, e despois de ollar todo ao seu redor, saíu para Betania cos doce, sendo xa bastante tarde. ¹² Ao día seguinte, cando saíron de Betania, Xesús tivo fame. ¹³ E vendo de lonxe unha figueira con follas, achegouse por se puidese atopar algo nela; pero cando estaba ao pé dela, non atopou máis que follas, porque non era tempo de figos. ¹⁴ E Xesús, falando á figueira, díxolle: -Nunca xamais coma ninguén froito de ti. E os seus discípulos estaban a escoitalo. ¹⁵ Chegaron a Xerusalém; e entrando no templo comezou a botar fóra aos que vendían e compraban no templo, enforcou as mesas dos cambiadores e os postos dos que vendían as pombas; ¹⁶ e non permitía que ninguén cargase cousa algunha polo templo. ¹⁷ E ensináballes, dicindo: -Non está escrito: "A miña casa será chamada casa de oración para todas as nacións"? Pero vós convertéstela en cova de bandidos. ¹⁸ Os principais sacerdotes e escribas oíron isto e procuraban o xeito de matalo, pois tiñanlle medo, porque toda a multitude estaba admirada de como ensinaba. ¹⁹ E polo serán, adoitaban saír da cidade. ²⁰ Ao pasaren pola mañá, viron a figueira seca dende a raíz. ²¹ Entón Pedro, lembrándose, díxolle: -Mestre, mira, a figueira que maldixeches secou. ²² E Xesús respondeu: -Tede fe en Deus. ²³ Asegúrovos que calquera que diga a este monte: quítate de aí e bótate no mar, sen dubidar no seu corazón, senón crendo que o que di se vai cumprir, seralle concedido. ²⁴ Por iso dígovos que todas as cousas que pidades en oración, crede que xa as recibistes, e vos serán concedidas. ²⁵ E cando esteades a orar, perdoade se tedes algo contra alguén, para que tamén o voso Pai que está nos ceos vos perdoe as vosas faltas. ²⁶ Pero se vós non perdoades, tampouco o voso Pai que está nos ceos perdoará as vosas faltas. ²⁷ Chegaron de novo a Xerusalém; e mentres Xesús andaba polo templo, achegáronselle os principais sacerdotes, escribas e os anciáns, ²⁸ e dixéronlle: -Con que autoridade fas estas cousas, ou quen che deu a autoridade para facer isto? ²⁹ E Xesús respondeulles: -Eu tamén vos farei unha pregunta; respondédema, e logo vos direi con que autoridade fago estas cousas. ³⁰ O bautismo de Xoán, era do ceo ou dos homes? Respondédeme. ³¹ E eles matinaban entre si, dicindo: -Se dicimos: do ceo, El dirá: entón, por que non lle crestes? ³² Mais, imos dicir: das persoas? Pois tiñan medo da multitude, porque todos consideraban que Xoán verdadeiramente fora un profeta. ³³ E respondendo a Xesús, dixeron: -Non sabemos. E Xesús díxolles: -Tampouco Eu vos direi con que autoridade fago estas cousas.

Chapter 12

¹ Entón comezou a falarlles en parábolas: -Un home plantou unha viña e rodeouna cun valado, cavou nela un depósito debaixo do lagar e construíu unha torre. Logo arrendouna a uns labregos e foi de viaxe. ² Ao tempo da vendima mandou un servo aos labregos para recibir deles a súa parte dos froitos da viña. ³ Pero eles, botándolle man, zorregáronlle e, mandárono coas mans baleiras. ⁴ De novo mandoulles outro servo, e a el ferírono na cabeza e aldraxárono. ⁵ Mandou a outro e matárono, e a outros moitos, mallaron neles e matáronos. ⁶ Aínda lle quedaba un, a quen mandar, ao seu fillo benquerido, dicindo: han respectar ao meu fillo. ⁷ Pero aqueles labregos dixéronse entre si: este é o herdeiro; vide, matémolo, e a herdanza será nosa! ⁸ E agarrárono, matárono e botárono fóra da viña. ⁹ Que fará, entón, o dono da viña? Virá e destruirá aos labregos, e dará a viña a outros. ¹⁰ Seica non lestes na Escritura: "A pedra que desbotaron os canteiros, en pedra angular converteuse; ¹¹ esa foi colocada polo Señor, e é marabillosa aos nosos ollos"? ¹² E procuraban prendelo, porque comprenderon que a parábola ía contra deles; pero por medo á xente deixárono e marcharon. ¹³ Máis tarde mandáronlle algúns dos fariseos e dos herodianos para o pillaren nalgunha palabra. ¹⁴ E cando chegaron onda el preguntáronlle: -Mestre, sabemos que es auténtico e que non procuras o favor de ninguén, porque non andas con miramentos, e ensinas o verdadeiro camiño de Deus. É lexítimo pagarlle o tributo ao César, ou non? ¹⁵ Pagámosllo ou non llo pagamos? Pero El, decatándose da súa hipocrisía, díxolles: -Por que me queredes comprometer? Traédeme un denario para velo. ¹⁶ Trouxéronllo, e El preguntóulles: -De quen é esta imaxe e a inscrición? E eles dixéronlle: -Do César. ¹⁷ Entón Xesús replicoulles: -Dádelle o César o que é do César, e a Deus o que é de Deus. E marabilláronse del. ¹⁸ Chegaron algúns saduceos (os que din que non hai resurrección), e preguntábanlle: ¹⁹ -Mestre, Moisés deixounos escrito: "Se o irmán dalgún morre e deixa muller e non deixa fillo, que o seu irmán tome a muller e levante descendencia a seu irmán". ²⁰ Houbo sete irmáns; e o primeiro tomou esposa, e morreu sen fillos. ²¹ E o segundo tomouna, e morreu sen fillos tamén; e así mesmo o terceiro; ²² Ningún dos sete deixou descendencia. Para rematar morreu tamén a muller. ²³ Cando resuciten, de cal deles vai ser a muller? Pois os sete casaron con ela. ²⁴ Xesús respondeulles: -Non vos decatades de que andades descamiñados porque non comprendedes nin as Escrituras nin o poder de Deus? ²⁵ Pois cando resuciten de entre os mortos, nin casarán nin serán dados en casamento, senón que serán coma os anxos nos ceos. ²⁶ E volvendo ao feito de que os mortos resucitan, non lestes no libro de Moisés, na pasaxe sobre a silveira ardendo, como Deus lle falou, dicindo: "Eu son o Deus de Abraham, e o Deus de Isaac, e o Deus de Xacob"? ²⁷ El non é Deus de mortos, senón de vivos; vós estades moi equivocados. ²⁸ Achegouse un dos escribas que ouvira a discusión, e decatándose do ben que lles respondera, preguntoulle: -Que mandamento é o principal de todos? ²⁹ Xesús respondeulle: -O máis importante é: "Escoita, Israel; o Señor é o noso Deus, o Señor é único; ³⁰ e amarás ao Señor o teu Deus con todo o teu corazón, e con toda a túa alma, e con toda a túa mente, e con tódalas túas forzas". ³¹ O segundo é este: "Amarás o teu próximo como a ti mesmo". Non hai outro mandamento maior ca estes. ³² E o escriba replicou: -Moi ben, Mestre; estás no certo cando dis que El é un, e non hai outro ademais del; ³³ e que amalo con todo o corazón e con todo o entendemento e con todas as forzas, e amar ao próximo como a un mesmo, é máis que tódolos holocaustos e os sacrificios. ³⁴ Xesús vendo que respondera sabiamente, díxolle: -Non estás lonxe do reino de Deus. E despois diso, ninguén se aventuraba a facerlle máis preguntas. ³⁵ E tomando a palabra, Xesús preguntoulles estando no templo: -Por que din os escribas que o Mesías é fillo de David? ³⁶ David mesmo dixo polo Espírito Santo: "Díxolle o Señor ao meu Señor: senta á miña dereita, ata que poña os teus inimigos debaixo dos teus pés". ³⁷ Se David mesmo o chama "Señor", en que sentido é, o seu fillo? E a numerosa multitude escoitábao con pracer. ³⁸ E ensinándolles dicía: -Coidádevos dos escribas, a quen lles gusta pasear con vestidos fachendosos, e desexan que lles fagan reverencias nas prazas, ³⁹ procuran os primeiros asentos nas sinagogas e os lugares de honra nos banquetes; ⁴⁰ pero devoran as casas das viúvas, e polas aparencias fan longas oracións. Estes recibirán maior condenación. ⁴¹ E sentado fronte a arca do tesouro, ollaba como a multitude botaba cartos na arca do tesouro; e moitos ricos botaban grandes cantidades. ⁴² E nisto chegou unha viúva pobre e botou dúas pequenas moedas de cobre, ou sexa, un cuadrante. ⁴³ Entón chamou os seus discípulos e díxolles: -Asegúrovos que esta viúva pobre botou máis que tódolos contribuíntes á arca das ofrendas; ⁴⁴ pois todos eles botaron do que lles sobrava, pero ela na súa pobreza botou todo canto tiña, todo o que tiña para vivir.

Chapter 13

¹ Cando saía do templo, díxolle un dos seus discípulos: -Mestre, mira que pedras e que edificios! ² E Xesús respondeu: -Ves estes grandes edificios? Non quedará pedra sobre pedra que non sexa derrubada. ³ E estando El sentado no monte das Oliveiras, en fronte do templo, Pedro, Xacobe, Xoán e Andrés preguntábanlle en privado: ⁴ -Dinos, cando acontecerá isto, e que sinal haberá de que estas cousas se han cumprir? ⁵ Entón Xesús comezou a dicir: -Ollade que ninguén vos engane. ⁶ Moitos virán dicindo no meu nome: "eu son o Mesías", e enganarán a moita xente. ⁷ E cando oiades de guerras e de rumores de guerras, non vos alarmedes; é preciso que todo iso aconteza, pero aínda non é o fin. ⁸ Ergueráse nación contra nación, e reino contra reino; e haberá terremotos en diversos lugares; e haberá fame. Isto será só o comezo de dores. ⁹ Pero estade alerta; porque entregaranvos aos tribunais e seredes azoutados nas sinagogas, e hanvos levar diante de gobernadores e reis pola miña causa, para testemuño a eles. ¹⁰ Pero primeiro o evanxeo debe ser anunciado a tódalas nacións. ¹¹ E cando vos leven para vos entregaren, non andedes agoniados polo que ides dicir, senón falade o que vos sexa dado naquela hora; porque non seredes vós os que faledes, senón o Espírito Santo. ¹² E o irmán entregará á morte o seu irmán, e o pai o seu fillo; e os fillos levantaránse contra os pais, e causaranlles a morte. ¹³ E seredes aborrecidos por todos por causa do meu nome, pero o que persevere ata o final, ese hase salvar. ¹⁴ Mais cando vexades a abominación da desolación posta onde non debe estar (o que lea, que entenda), entón os que estean en Xudea fuxan aos montes; ¹⁵ quen estea no azotea, non baixe á casa nin para coller cousa ningunha; ¹⁶ e quen estea no campo, non volva atrás a tomar o seu manto. ¹⁷ Ai das que estean embarazadas e das que estean a criar naqueles días! ¹⁸ Orade para que isto non aconteza no inverno. ¹⁹ Porque van ser días de anguria, tal como non aconteceu dende o principio do mundo que Deus creou ata o de agora, nin acontecerá xamais. ²⁰ E se o Señor non acurtase eses días, ninguén se salvaría; pero por causa dos elixidos que El elixiu, acurtou aqueles días. ²¹ Se entón, algún vos di: "mirade, aquí está o Mesías", ou: "mirade, alí está", non lle creades. ²² Porque levantaránse falsos mesías e falsos profetas, e amosarán sinais e prodixios a fin de desencamiñar, se fose posible, aos elixidos. ²³ Mais vós, estade atentos; vede que volo dixeran todo de antemán. ²⁴ Naqueles días, despois desa tribulación, o sol ha escurecer, a lúa deixará de alumear, ²⁵ as estrelas caerán do ceo e as potencias que están nos ceos serán sacudidas. ²⁶ Entón verán ao Fillo do Home que vén nas nubes con gran poder e gloria. ²⁷ E mandará os seus anxos, e reunirá aos seus elixidos dos catro ventos, do cabo da terra ata o cabo do ceo. ²⁸ Da figueira aprendede a parábola: cando se pon tenra a rama e bota as follas, sabedes que o verán está preto. ²⁹ Así tamén vós, cando vexades que suceden estas cousas, sabede que El está preto, á porta. ³⁰ En verdade, dígovos, que non pasará esta xeración ata que todo isto aconteza. ³¹ O ceo e maila terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán. ³² Pero en canto o día e a hora ninguén sabe, nin os anxos no ceo, nin o Fillo, senón só o Pai. ³³ Estade alerta, vixiade; porque non sabedes cando chegará a hora. ³⁴ É coma un home que se foi de viaxe, e ao saír da súa casa deulle autoridade os seus servos, encargándolle cadanseu traballo, e ordenándolle ao porteiro que estivese vixiando. ³⁵ Vixiade, polo tanto, pois non sabedes cando chegará o señor da casa, se á tardiña, ou á medianoite, ou ao canto do galo, ou no amencer; ³⁶ non sexa que veña de súpeto e vos atope durmindo. ³⁷ E o que vos digo a vós, tamén llelo digo a todos: -Vixiade!

Chapter 14

¹ Faltaban dous días para a Pascua e para a festa dos pans sen fermento; e os principais sacerdotes e escribas procuraban como prenderlo con enganos e matalo; ² pero dicían: non durante a festa, non sexa que se poida armar un rebumbio no medio do pobo. ³ E estando El en Betania, sentado á mesa na casa de Simón o gafo, veu unha muller cun frasco de alabastro de perfume de nardo puro, moi caro; e crebou o frasco e derramándoo sobre a cabeza de Xesús. ⁴ Algúns estaban indignados e dicíanse uns aos outros: para que se fixo este estrago de perfume? ⁵ Porque este perfume podía venderse por máis de trescentos denarios, e repartirle os cartos aos pobres. E reprendíana duramente. ⁶ Pero Xesús dixo: -Deixádea; por que a molestades? Boa obra fixo comigo. ⁷ Porque os pobres téndelos sempre convosco; e cando queirades lles poderedes facer ben; pero a min non me ides ter sempre. ⁸ Ela fixo o que puido; adiantouse a unxir o meu corpo para a sepultura. ⁹ Asegúrovos que onde queira que se anuncie o evanxeo no mundo enteiro, falarase do que ela fixo, para honra dela. ¹⁰ Entón Xudas Iscariote, que era un dos doce, foi aos principais sacerdotes para lles entregar a Xesús. ¹¹ Cando o oíron eles, alegráronse e prometeron darlle cartos. E el procuraba o momento axeitado para entregalo. ¹² O primeiro día da festa dos pans sen fermento, cando se sacrificaba o cordeiro da Pascua, os seus discípulos preguntáronlle: onde queres que vaíamos e fagamos os preparativos para que comas a Pascua? ¹³ El mandou a dous dos seus discípulos, e díxolles: -Ide á cidade, e alí sairavos ao paso un home que leva un balde de auga; seguídeo; ¹⁴ e onde el entre, dicídelo ao dono da casa: o Mestre di: onde está a miña habitación na que poida comer a Pascua cos meus discípulos? ¹⁵ E el mostraravos un gran aposento alto, amoblado e arraxado; facede os preparativos para nós alí. ¹⁶ Saíron, pois, os discípulos e chegando á cidade, atoparon todo tal como El lles dixerá; e prepararon a Pascua. ¹⁷ Á tardiña chegou El cos doce. ¹⁸ E estando reclinados á mesa comendo, Xesús dixo: -Asegúrovos que un de vós, que está a comer comigo, vaime entregar. ¹⁹ Eles comezaron a entristecerse e a dicirle un por un: -Seica son eu? ²⁰ E El díxolles: -É un dos doce, o que molla comigo no prato. ²¹ Porque o Fillo do Home vaise tal e como está escrito del. Pero, aí daquel home por quen o Fillo do Home ha ser entregado! Mais lle valera a ese home non ter nacido! ²² E mentres estaban a comer, colleu pan, e bendicíndoo partiuno, déullelo, dicindo: -Tomade, isto é o meu corpo. ²³ E collendo unha copa, despois de dar grazas, déullela, e todos beberon dela. ²⁴ E díxolles: -Isto é o meu sangue do novo pacto, derramada por moitos. ²⁵ Asegúrovos que xa non beberei máis do froito da vide ata aquel día cando o beba de novo no reino de Deus. ²⁶ Despois de cantar un himno, saíron para o monte das Oliveiras. ²⁷ E Xesús díxolles: -Todos vós vos afastaredes porque escrito está: "Ferirei ao pastor, e as ovellas espallaranse". ²⁸ Pero despois de resucitar, irei diante de vós a Galilea. ²⁹ Entón Pedro díxolle: -Aínda que todos se afasten, con todo, eu, non o farei. ³⁰ Xesús respondeulle: -Dígoche en verdade que ti, hoxe, esta mesma noite, antes que o galo cante dúas veces, hasme negar tres. ³¹ Pero Pedro porfiaba con el e repetía: -Aínda que teña que morrer contigo, non te negarei. E o mesmo dicían todos. ³² E chegaron a un lugar chamado Xetsemaní, e díxolles aos seus discípulos: -Sentade aquí que Eu vou a orar. ³³ E levando consigo a Pedro, a Xacobe e a Xoán e comezou a aflixirse e a agoniar-se moito. ³⁴ E díxolles: -Unha tristura de morte está sobre a miña alma; quedade aquí e vixiade! ³⁵ Adiantándose un pouco, prostrouse no chan orando para que, se fose posible, pasase del aquela hora. ³⁶ E dicía: -Abba, Pai! Para ti tódalas cousas son posibles; arreda de min esta copa, pero non se faga o que Eu quero, senón o que queres ti. ³⁷ Entón veu onda eles e atopounos durmindo, e díxolle a Pedro: -Simón, dormes? Seica non puideches velar nin tan sequera unha hora? ³⁸ Estade atentos e orade para que non entredes en tentación; o espírito está disposto, pero a carne é débil. ³⁹ Foise outra vez e orou, dicindo as mesmas palabras. ⁴⁰ E veu de novo e achounos durmindo, porque caíanlle os ollos co sono; e non sabían que responderlle. ⁴¹ Veu por terceira vez, e díxolles: -Aínda estades a durmir e descansando? Xa abonda; chegou a hora; veña! o Fillo do Home é entregado en mans dos pecadores. ⁴² Erguédevos, mirade, está preto o que me entrega. ⁴³ Nese momento, estando aínda a falar, chegou Xudas, un dos doce, acompañado dunha multitude con espadas e paus, mandadas polos principais sacerdotes, escribas e anciáns. ⁴⁴ E o que o traizoou déralles un sinal, dicindo: -O que eu bique, ese é; prendédeo e levádeo con seguridade. ⁴⁵ E así que chegou, acercouse a El dicindo: -Mestre! E bicouno varias veces. ⁴⁶ Entón eles botáronlle man e prendérono. ⁴⁷ Pero un dos que estaban alí, sacando a espada, feriu o servo do sumo sacerdote rabanándolle unha orella. ⁴⁸ E dirixíndose Xesús a eles, díxolles: -Saístes con espadas e paus para prenderme coma se fose un bandido? ⁴⁹ Cada día estaba convosco no templo ensinando, e non me prendestes; pero isto sucedeu para que se cumpran as Escrituras. ⁵⁰ E todos fuxiron abandonándoo. ⁵¹ Certo mozo seguía, envolto cunha saba sobre o seu

corpo; e prendérono; ⁵² pero el, deixando a saba, fuxiu espido. ⁵³ E levaron a Xesús ao sumo sacerdote; e xuntáronse todos os principais sacerdotes, os anciáns e os escribas. ⁵⁴ Pedro seguiu de lonxe ata dentro do patio do sumo sacerdote; e sentouse alí cos alguacís, quentándose ao lume. ⁵⁵ E os principais sacerdotes e todo o concilio, procuraban algunha testemuña contra Xesús para darlle morte, pero non a atopaban. ⁵⁶ Porque moitos daban falso testemuño contra El, e os seus testemuños non coincidían. ⁵⁷ E algúns, levantándose, daban falso testemuño contra El, dicindo: ⁵⁸ -Nós oímo-lo dicir: -Eu destruirei este templo feito por mans, e en tres días edificarei outro non feito por mans. ⁵⁹ Pero nin aínda así coincidía o testemuño deles. ⁶⁰ Entón erguéndose o sumo sacerdote, púxose en medio e preguntou a Xesús, dicindo: - Non respondes nada? Que é o que testemuñan contra ti? ⁶¹ Mais El calaba e nada respondía. Volveu preguntar o sumo sacerdote, dicíndolle:-Es ti o Mesías, o Fillo do Bendito? ⁶² Xesús dixo: -Eu son; e veredes ao Fillo do Home sentado á dereita do Poder e vindo entre as nubes do ceo. ⁶³ Daquela o sumo sacerdote, rachando as súas roupas, dixo: -Que necesidade temos de máis testemuñas? ⁶⁴ Oístes a blasfemia, que vos parece? E todos o declararon culpable, dicindo que merecía a morte. ⁶⁵ E comezaron algúns a cuspirlle, a taparlle a cara e a darlle labazadas, e a dicirlle: Profetiza! E os alguacís tamén mallaban nel. ⁶⁶ Estando Pedro abaixo no patio, chegou unha das criadas do sumo sacerdote, ⁶⁷ e ao ver a Pedro quentándose, mirouno e dixo: ti tamén andabas con Xesús o Nazareno. ⁶⁸ Pero el negouno, dicindo: -Nin sei, nin entendo de que falas. E saíu ao portal, e cantou o galo. ⁶⁹ Cando o volveu ver a criada outra vez, comezou a dicir aos que estaban alí: -Este évos un deles. ⁷⁰ Pero el negouno outra vez. E pouco despois os que estaban alí volveron dicirlle a Pedro: -Seguro que ti es un deles, pois tamén es galileo. ⁷¹ Pero el comezou a maldicir e a xurar: -Eu non coñezo a este home de quen falas! ⁷² Ao instante un galo cantou por segunda vez. Entón Pedro lembrou o que Xesús lle dixerá: antes que o galo cante dúas veces, hasme negar tres veces. E saíndo para fóra botouse a chorar.

Chapter 15

¹ Moi cedo a mañanciña, os sumos sacerdotes, despois de celebrar consello cos anciáns, os escribas e todo o Sanedrín, amarraron a Xesús e levándoo, entregárono a Pilato. ² Pilato preguntoulle: -Es ti o rei dos xudeus? El respondeulle: -Dilo ti. ³ Os principais dos sacerdotes acusábano de moitas cousas. ⁴ De novo Pilato preguntoulle: -Non respondes nada? Mira de cantas cousas te acusan ⁵ Pero Xesús non respondeu nada máis; de xeito que Pilato estaba asombrado. ⁶ Agora ben, na festa soltáballes un preso, calquera que eles pediran. ⁷ Un, chamado Barrabás, estaba preso cos sediciosos, os que tiñan cometido homicidio nunha revolta. ⁸ Cando subía a multitude, comezaron a pedir que lles fixera como de costume. ⁹ Pilato respondeulles: queredes que vos solte ao rei dos xudeus? ¹⁰ (Porque sabía que os principais dos sacerdotes llo entregaran por envexa). ¹¹ Pero os sumos sacerdotes incitaron á multitude para que lles soltara a Barrabás. ¹² E Pilato, tomando de novo a palabra, dicíalles: -Que farei, entón, co que chamades o Rei dos xudeus? ¹³ Eles respondéronlle a berros: -Crucifícao! ¹⁴ Pilato replicou: -Por que? Que mal fixo? E eles berraban aínda máis: -Crucifícao! ¹⁵ Pilato, querendo compracer á multitude, soltoules a Barrabás; e despois de facer azoutar a Xesús, entregouno para que o crucificaran. ¹⁶ Entón os soldados levárono para dentro do pazo, é dicir, ao Pretorio, e convocaron a toda a cohorte romana. ¹⁷ Vestírono de púrpura, e despois de tecer unha coroa de espiñas, puxéronlla; ¹⁸ e comezaron a vitorealo: salve, Rei dos xudeus! ¹⁹ Dábanlle golpes na testa cunha canivela e cuspiáno. E axeonllándose facíanlle reverencias. ²⁰ E despois de burlarse del, quitáronlle a púrpura, puxéronlle as súas roupas e sacárono para crucificalo. ²¹ E obrigaron a un que pasaba por alí e que viña da leira, Simón de Cirene, o pai de Alejandro e Rufo, a que levase a cruz de Xesús. ²² Levárono ao lugar chamado Gólgota, que traducido significa: Lugar da Caveira. ²³ E trataron de darlle viño mesturado con mirra, pero El non o quixo. ²⁴ Cando o crucificaron, repartíronse as súas roupas, botando sortes para decidir o que se levaría cada un. ²⁵ Eran as nove da mañá cando o crucificaron. ²⁶ E a inscrición da acusación contra El dicía: "o rei dos xudeus". ²⁷ Crucificaron con El a dous bandidos; un á súa dereita e outro á súa esquerda. ²⁸ E cumpriuse a Escritura que di: "Foi contado cos transgresores". ²⁹ E os que pasaban inxuriábano abaneando a cabeza e dicindo: - Vaites! Ti que destrúes o templo e en tres días o reedificas, ³⁰ sálvate a ti mesmo e baixa da cruz! ³¹ Do mesmo xeito, tamén os principais sacerdotes xunto con escribas, burlándose del entre eles, dicían: -A outros salvou, a si mesmo non se pode salvar. ³² Que este Cristo, o Rei de Israel, baixe agora da cruz, para que vexamos e creamos! E os que estaban crucificados con El tamén o aldraxaban. ³³ Cando deron as doce do mediodía, houbo escuridade sobre toda a terra ata as tres da tarde. ³⁴ E a esa hora Xesús berrou ben forte: -"Eloi, Eloi, lema sabactani"? Que traducido significa, meu Deus, meu Deus, por que me desamparaches? ³⁵ Algúns dos que estaban alí, ao oílo, dicían: -Mirade, está chamando por Elías! ³⁶ Entón un correu e empapou unha esponxa en vinagre, e poñéndoa nunha cana, deulle a beber, dicindo: - Deixade, vexamos se vén Elías a baixalo. ³⁷ E Xesús, dando un berro moi forte, expirou. ³⁸ E o veo do templo rachou en dous, de arriba a baixo. ³⁹ Vendo o centurión que estaba fronte a El, o xeito en que expirou, dixo: -En verdade este home era Fillo de Deus. ⁴⁰ Tamén había mulleres mirando de lonxe, entre as que estaban María Magdalena, María, a nai de Xacobe, e Salomé ⁴¹ que o seguían cando Xesús estaba na Galilea, e servíanlle; e moitas outras que subiran con El a Xerusalém. ⁴² Xa á tardiña, como era o día da preparación, é dicir, a véspera do día de repouso, ⁴³ veu Xosé de Arimatea, membro prominente do concilio, que tamén agardaba o reino de Deus; e enchéndose de valor, entrou onde estaba Pilato e pediulle o corpo de Xesús. ⁴⁴ Pilato estrañouse de que xa morrera, e chamando ao centurión, preguntoulle se xa estaba morto. ⁴⁵ E comprobando isto por medio do centurión, concedeulle o corpo a Xosé, ⁴⁶ quen comprou un lenzo de liño, e baixándoo da cruz, envolveuno no lenzo de liño e púxoo nun sepulcro que fora escavado na rocha; e fixo rolar unha pedra á entrada do sepulcro. ⁴⁷ E María Magdalena e María, a nai de Xosé, miraban para saber onde o poñía.

Chapter 16

¹ Pasado o día de repouso, María Magdalena, María, a nai de Xacobe, e Salomé, compraron especias aromáticas para ir a unxilo. ² E moi cedo, o primeiro día da semana, chegaron ao sepulcro despois da alborada. ³ E ían falando entre elas: -Quen nos removerá a pedra da entrada do sepulcro? ⁴ Cando ergueron a vista, viron que a pedra, fora removida, aínda que era moi grande. ⁵ E entrando no sepulcro, viron a un mozo sentado á beira dereita, vestido con roupa branca; e elas espantáronse. ⁶ Pero el díxolles: -Non vos asustedes; buscade a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí; resucitou, ollade o lugar onde o puxeron. ⁷ Pero ide, dicide os seus discípulos e a Pedro: El vai diante de vós a Galilea; alí verédelo, tal como vos dixo. ⁸ E saíndo elas, fuxiron do sepulcro, porque un gran tremor e espanto se apoderou delas; e non dixeron nada a ninguén do medo que tiñan. ⁹ Despois de resucitar, no abrente do primeiro día da semana, Xesús apareceuse en primeiro lugar a María Magdalena, da que botara fóra sete demos. ¹⁰ E ela foi e comunicoullo aos que estiveran con El, que estaban a se lamentar e chorando. ¹¹ Cando eles oíron que El estaba vivo e que ela o vira, non llo creron. ¹² Despois disto, apareceuse en forma distinta a dous deles cando ían de camiño o campo. ¹³ E estes foron e comunicáronllo aos demais, pero a eles tampouco lles creron. ¹⁴ Despois apareceuse aos once cando estaban sentados á mesa, botándolles en cara a súa incredulidade e dureza de corazón, porque non creran aos que o viran resucitado. ¹⁵ E díxolles: -Ide por todo o mundo anunciando as boas novas a tódalas criaturas. ¹⁶ O que crea e sexa bautizado será salvo; pero o que non crea será condenado. ¹⁷ E estes sinais acompañarán aos que creron: no meu nome botarán fóra demos, falarán en novas linguas; ¹⁸ tomarán serpes nas mans, e aínda que beban algo mortífero, non lles fará dano; sobre os enfermos poñerán as mans, e poñeranse bos. ¹⁹ Entón, o Señor Xesús, despois de falar con eles, foi recibido no ceo e sentou á dereita de Deus. ²⁰ E eles saíron a predicar por todas partes, colaborando o Señor con eles, e confirmando a palabra por medio dos sinais que os acompañaban.
